

A/A.: RESPONSABLES LEGAIS DO ALUMNADO DE 6º CURSO

Ao amparo do DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, no que di:

Artigo 8.

*5.Os centros docentes **poderán dedicar as horas de libre configuración do centro ao afondamento e/ou reforzo dalgunha das áreas** contempladas neste artigo.*

Artigo 20. Promoción de estilos de vida saudables.

*1. Os centros docentes **desenvolverán medidas específicas dentro do seu proxecto educativo, de xeito que se promova a práctica diaria de deporte e exercicio físico por parte dos alumnos e das alumnas durante a xornada escolar**, en relación coa promoción dunha vida activa, saudable e autónoma.*

O CEIP Carballal, logo de acordo de claustro, decidiu dedicar a hora de libre configuración do 6º curso de E.P. a "Reforzo de E.F." incluíndo na programación desta materia: "**Actividades deportivas no medio acuático, Primeiros auxilios e salvamento**", quedando reflectido así na PXA do curso 2022/23 e seguintes.

Isto significa que esta sesión de clase **FORMA PARTE DA PROGRAMACIÓN DE E.F.** do curso e que **TEN UN PESO NA NOTA DA ÁREA**, do cal serán informados proximamente.

Para realizar esta sesión, o alumnado irá camiñando ás instalacións da Piscina Municipal de Marín (a escasos 5 minutos do centro) e deberá levar os útiles necesarios (traxe de baño, gorro, chanclas, gafas, toalla)

SOLICITAMOS de vostedes/as, que **devolvan este documento ao centro escolar, logo de asinalo convenientemente, como garante de que teñen coñecemento das condicións desta actividade.**

D/Dna. con DNI,
como responsable legal do/a alumno/a....., matriculado/a en
6º no CEIP Carballal, no curso 2022/23, logo da lectura deste documento, coñezo as condicións
de realización da actividade "Afondamento e Reforzo de E.F."

Sinatura:

Data: